

## Granxas mariñas.

No Neolítico, os seres humanos comezaron a domesticar animais e cultivar prantas. Durante milenios conseguimos dominar, cruzar e mellorar especies de seres vivos para nos alimentar, pero sempre en terra firme.

Namentres, os recursos acuáticos, sobre todo os mariños, semellaban ilimitados e irreductibles. Ata que ben entrado século XX caímos na conta de que lle pedimos ao mar máis do que nos pode dar, sobre todo nalgunhas zonas moi poboadas, como o Mediterráneo.

Pensose entón que as piscifactorías podían ser a revolución neolítica dos océanos, e, se ben non son moitas as especies de peixes que admiten estas técnicas, a actividade productiva das granxas do mar beneficiou a empresarios e consumidores.

As aínda pequenas douradas, pechadas en gaiolas, atopan a comida sen esforzo nin risco, en forma de penso. Pero non é un convite desinteresado; o festín durará só ata que o tamaño dos peixes sexa o axeitado para a venda.

Tampouco para os granxeiros chegan os beneficios a cambio de nada. As piscifactorías esixen unha vixilancia e uns coidados case constantes. Ademais de suministrar o penso, hai que instalar as gaiolas, reparalas, mantélas en boas condicións, supervisar continuamente que todo corra ben e que os peixes estean en bo estado.

As costas de Alicante concentran unha boa cantidade de empresas deste sector, que case nunca son ben vistas pola xente relacionada coa pesca, xa que constitúen unha competencia directa e difícil. Ademais, sobre as piscifactorías pesa a acusación de eutrofizar as augas e alterar o ecosistema.

Vivir nos arredores da gaiola ten moitas das vantaxes da granxa e ningún dos seus inconvenientes. Moitos peixes acoden a dar conta das sobras do penso e aproveitanse da abundancia de alimento sen a ameaza certa de ir parar a un prato.

Ademais, nos fondos areosos atopamos esponxas... ascidias... pequenos crustáceos...; organismos filtradores que se aproveitan dos refugallo procedentes da piscifactoría.

Unha fartura de materia orgánica da que tamén vive o seguinte nivel trófico, representado por animais como un cangrexo piloso ou un camarón, beneficiarios do grande banquete servido pola piscifactoría.

Namentres, as douradas trazan movementos precisos, acompasados coa corrente, como se foran algures, como se a gaiola non marcara o seu destino; un destino que as levará á escuridade dun almacén en troques do fondo do mar ou á boca dun peixe maior.